



Área / Unidad CONCESIONES Y PATRIMONIO MUNICIPAL FRR	Documento AD116I005G	
Código de verificación  2425 2B0U 155P 1M0N 1EKB	Expediente AD1/2022/2	
	Fecha 15-11-2022	
Asunto Prego administrativo castañas, postos vacantes novembro 2022	Interesado	

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS REGULADOR DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA O OUTORGAMENTO DE AUTORIZACIÓNS DE APROVEITAMENTO E OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO PARA A VENDA AMBULANTE EN TEMPADA DE CASTAÑAS ASADAS (2022-2023, 2023-2024, 2024-2025 E PRORROGABLE A 2025-2026).

I. DISPOSICIÓN XERAIS

1.- Obxecto do prego

O obxecto do presente prego de prescricións administrativas é regular a convocatoria pública para o outorgamento de autorizacións de aproveitamento e ocupación do dominio público para a venda ambulante en tempada de castañas asadas (2022-2023, 2023-2024, 2024-2025 e prorrogable a 2025-2026).

2.- Réxime xurídico

A presente licitación réxese polo previsto neste prego de condicións e no de prescricións técnicas; para o non previsto neles, estarase ao disposto na normativa vixente contida en:

- As normas de aplicación plena e básica da Lei de Patrimonio das Administracións Públicas, en diante LPAP (Lei 33/2003 do 3 de novembro) e o seu Regulamento de desenvolvemento (RLPAP, Real Decreto 1373/2009, do 28 de agosto);
- As disposicións básicas en materia de bens locais establecidas na Lei Reguladora das Bases do Réxime local (Lei 7/1985, do 2 de abril, LBRL) e do Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local (RDL 781/1986, do 18 de abril, TRRL)
- Nas disposicións non básicas sobre patrimonio local, especialmente polo establecido no Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (en diante RBEL).



- Nas disposicións que regulan o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria, Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia.
- Nas ordenanzas municipais aplicables.

Aplicaranse, no seu caso, os principios da contratación pública establecidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en diante LCSP, e a súa normativa de desenvolvemento (Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, e o Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, en canto non sexan derogadas por esta LCSP).

Terase en conta tamén o disposto na normativa sanitaria e nas disposicións en materia de defensa de consumidores e usuarios.

Supletoriamente aplicaranse as demais normas de dereito administrativo e na súa falta as de dereito privado.

3.- Duración das autorizacións e das tempadas:

As autorizacións outorgaranse por un período de tres tempadas, que afectan aos anos 2022 a 2025, podendo prorrogarse por un período de 1 ano máis ata a tempada 2025-2026.

A tempada iníciase o 1 de outubro e finaliza o 28 de febreiro do ano seguinte.

4.- Emprazamentos dos postos:

Serán os sinalados no Prego Técnico, oito (8) postos (en vermello os catro (4) xa adjudicados na primeira convocatoria), nas seguintes zonas da cidade:

CA-1 Rúa Real, á altura do Teatro Rosalía de Castro. (ADXUDICADO POR RESOLUCIÓN DO 30.09.2022)

CA-2 Rúa Real, á altura da Subdelegación do Goberno. (ADXUDICADO POR RESOLUCIÓN DO 30.09.2022)

CA-3 Rúa Barcelona. (ADXUDICADO POR RESOLUCIÓN DO 30.09.2022)

CA-4 Rúa Ramón e Cajal, esquina co Centro Comercial Catro Camiños

CA-5 Praza de Lugo (zona peonil) (ADXUDICADO POR RESOLUCIÓN DO 30.09.2022)

CA-6 Cale Anxo Senra.

CA-7 Rúa Manuel Murguía, á altura de Cásaa da auga

CA-8 Rúa Gaitreira.

5.- Tipo de licitación:

O tipo de licitación por cada autorización fíxase á alza.

En virtude do disposto na Ordenanza Fiscal nº 31 reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, así como



industrias de rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica para o ano 2022 establécese o seguinte tipo mínimos de saída en función da localización dos postos de venda:

	TEMPADA 2022 – 2023 (oferta mínima)	
CA-1 Rúa Real, Teatro Rosalía de Castro	141,94 €	ADXUDICADO 30.09.2022
CA-2 Rúa Real, Subdelegación do Goberno	141,94 €	ADXUDICADO 30.09.2022
CA-3 Rúa Barcelona	141,94 €	ADXUDICADO 30.09.2022
CA-4 Rúa Ramón e Cajal, Centro Comercial	141,94 €	
CA-5 Praza de Lugo	141,94 €	ADXUDICADO 30.09.2022
CA-6 Rúa Ángel Senra	127,75 €	
CA-7 Rúa Manuel Murguía, Casa da auga	127,95 €	
CA-8 Rúa Gaiteira	113,55 €	

Os interesados en obter a autorización deberán ofrecer unha taxa que non poderá ser inferior a estes prezos, que terán o carácter de prezos de saída e a mellora realizarase á alza respecto destes prezos.

O adxudicatario deberá abonar cada tempada o prezo que presente na súa oferta.

Cada solicitante poderá presentar unha proposición para cada posto no que estea interesado.

Só se concederá unha autorización por persoa física e un máximo de tres por persoa xurídica.

Para a xestión do pago, o adxudicatario a partir do 1 de xuño de cada ano e previa presentación da documentación necesaria para a renovación da autorización, poderá esixir que se lle expida o documento de pago correspondente.

O pago deberase efectuar sempre con carácter previo ao comezo de cada tempada.

6.- Garantías provisional e definitiva:

Non se esixen.

7.- Publicidade da licitación:

Darase publicidade da presente licitación no Boletín oficial da provincia da Coruña e na Sede electrónica do Concello da Coruña.

Os gastos do anuncio no BOP repartiranse entre os adxudicatarios de forma proporcional ao prezo polo que os diversos postos queden adxudicados no ano 2022.



8.- Órgano competente para resolver:

Para o outorgamento das autorizacións é competente o Concelleiro Delegado da área de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda e Mobilidade, por delegación da Xunta de Goberno Local, segundo acordos adoptados na súa sesión coa data do 28.06.2019 (BOP núm. 124 con data do 03.07.2019).

9.- Presentación das ofertas

9.1.Capacidade dos licitadores:

O exercicio da venda ambulante poderá exercerse por toda persoa física ou xurídica que se dedique á actividade do comercio polo miúdo, con plena capacidade de obrar, non estean incursas en ningunha das prohibicións do artigo 71 da Lei 9/2017 do 8 de Novembro de Contratos do Sector Público (LCSP) en relación co artigo 94 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP) e acrediten a súa solvencia económica, financeira e profesional nos termos sinalados neste prego.

A capacidade de obrar acreditarase:

- a) Canto a persoas físicas, mediante a fotocopia compulsada do documento nacional de identidade.
- b) Canto a persoas xurídicas, mediante a fotocopia compulsada do CIF e a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente rexistrados, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

A proba, por parte dos licitadores, da non concorrencia dalgunha das prohibicións para contratar, realizarase mediante a presentación da Declaración Responsable do licitador (recollida como ANEXO I deste prego) indicativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración e a achega dos correspondentes Certificados da TGSS e a AEAT.

A solvencia económica, financeira e profesional acreditarase mediante o ALTA no Imposto sobre Actividades Económicas (IAE), o ULTIMO RECIBO DE PAGO correspondente ao Exercicio 2021 ou 2022 onde conste o epígrafe correspondente ao obxecto da presente licitación ou, en caso de estar exentos, e/ou estar dado de alta no censo de obrigados tributarios para o que se presentará CERTIFICADO emitido pola Axencia Tributaria con data do primeiro semestre do ano 2022 non sendo válidos anteriores á esta data.

Deberase estar dado de ALTA no réxime da Seguridade Social que corresponda e ao corrente no pago das cotizacións.

Os prestadores procedentes de terceiros países deberán acreditar o cumprimento das obrigacións establecidas na lexislación vixente en materia de autorizacións de residencia e de traballo.

9.2.Lugar, presentación e contido das proposicións:

A documentación e proposicións deberán presentarse como segue:



- persoas xurídicas, de forma **electrónica**, a través da Sede electrónica do Concello da Coruña, con excepción da oferta económica que se presentará en sobre cerrado seguindo o procedemento sinalado ao longo deste Prego.
- persoas físicas, preferentemente a través da Sede electrónica do Concello da Coruña ou de calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, con excepción da oferta económica que se presentará en sobre cerrado seguindo o procedemento sinalado ao longo deste Prego.

Dentro da Sede electrónica do Concello da Coruña haberá que ir á seguinte ligazón:

<https://sede.coruna.gal/sede/es/tramites-y-servicios-electronicos/guia-de-procedimientos-y-servicios/detalle-de-procedimientos/venta-ambulante-en-temporada-de-castanas-asadas/contenido/1453809531375>

O prazo de presentación será de 15 días naturais contados a partir do seguinte á publicación do anuncio de licitación na Sede electrónica do Concello da Coruña e no BOP.

A presentación de ofertas a través da Sede electrónica implica que a documentación poderá enviarse en arquivos virtuais, durante o prazo de presentación de ofertas, durante as 24 horas do día. O último día do prazo de presentación de ofertas poderá facerse ata as 23 horas 59 minutos e 59 segundos.

Si a oferta é recibida despois deste prazo e horario será excluída. Non se admitirán a licitación as solicitudes presentadas fóra do prazo indicado.

A presentación de ofertas, sexa cal for os procedementos, supón a aceptación incondicional por as persoas candidatas da totalidade de cláusulas do presente prego de cláusulas administrativas particulares e do de prescricións técnicas, sen excepción algunha.

As proposicións para tomar parte na licitación presentaranse:

- Si a presentación realizase a través da Sede electrónica (persoas xurídicas en todo caso), nun **arquivo electrónico** asinado polo licitador ou o seu representante legal, no que se fará constar a denominación “Arquivo A DECLARACIÓN RESPONSABLE” e a lenda “CONVOCATORIA PÚBLICA PARA O OUTORGAMENTO DE AUTORIZACIÓNS DE APROVEITAMENTO E OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO PARA A VENDA AMBULANTE EN TEMPADA DE CASTAÑAS ASADAS (2022-2023, 2023-2024, 2024-2025 E PRORROGABLE A 2025-2026).” A presentación da oferta económica deberá facerse nalgún dos rexistros aos que fai referencia o artigo 16.4 da Lei 30/1995, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, nun sobre cerrado coa seguinte denominación “**Arquivo B: Oferta económica e outros criterios aritméticos**” e a lenda “**OFERTA ECONÓMICA - CONVOCATORIA PÚBLICA PARA O OUTORGAMENTO DE AUTORIZACIÓNS DE APROVEITAMENTO E OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO PARA A VENDA AMBULANTE EN TEMPADA DE CASTAÑAS ASADAS (2022-2023, 2023-2024, 2024-2025 E PRORROGABLE A 2025-2026).**”
- Si a presentación realizase de forma física nalgún dos rexistros aos que fai referencia o artigo 16.4 da Lei 30/1995, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, efectuarase en dúas sobres cerrados. A denominación dos sobres será:



- Sobre A: en cuxo exterior deberá constar a seguinte lenda “**DECLARACIÓN RESPONSABLE** - CONVOCATORIA PÚBLICA PARA O OUTORGAMENTO DE AUTORIZACIÓNS DE APROVEITAMENTO E OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO PARA A VENDA AMBULANTE EN TEMPADA DE CASTAÑAS ASADAS (2022-2023, 2023-2024, 2024-2025 E PRORROGABLE A 2025-2026)”.
- Sobre B: en cuxo exterior deberá constar a seguinte lenda “**OFERTA ECONÓMICA** - CONVOCATORIA PÚBLICA PARA O OUTORGAMENTO DE AUTORIZACIÓNS DE APROVEITAMENTO E OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO PARA A VENDA AMBULANTE EN TEMPADA DE CASTAÑAS ASADAS (2022-2023, 2023-2024, 2024-2025 E PRORROGABLE A 2025-2026)”.
- Ambos sobres deberán presentarse conxunta e simultaneamente, cerrados e lacrados ou asinados polo licitador ou persoa que o represente. No caso do Concello da Coruña, a presentación poderá facerse nos Rexistros de entrada cumprindo, no seu caso, co requisito da cita previa e dentro do horario de apertura do rexistro.

Arquivo A/Sobre A: Declaración responsable:

As proposicións estarán suxeitas ao modelo que se establece nos Anexos I e III do presente prego e que poderá cubrirse on-line a través da Sede electrónica.

Arquivo B/Sobre B: Oferta económica:

As proposicións estarán suxeitas ao modelo que se establece no Anexo II do presente prego e que poderá descargarse on-line a través da Sede electrónica.

Recibida a proposición non poderá ser retirada polo licitador.

10. Órgano de valoración:

Para a adxudicación das autorizacións, o órgano de adxudicación estará asistido por unha Mesa integrada por:

Presidente: Director da área de Economía, Facenda e Réxime Interior ou persoa en quen delegue.

Vogais:

- Representante da Asesoría Xurídica Municipal;
- Representante do Servizo de Mobilidade Urbana;
- Representante do Servizo de Concesións e Patrimonio Municipal

Calquera membro poderá propor á Mesa o nomeamento de cuantos asesores considere conveniente en razón dos seus especiais coñecementos técnicos, que poderán asistir ás súas reunións, con voz e sen voto, sen que teñan a consideración de membros da Mesa de selección, nin outra función que a de informar e asesorar de forma non vinculante.

Os acordos da Mesa requirirán maioría simple dos asistentes. En caso de empate, decidirse por voto de calidade do Presidente; dos acordos da Mesa levantarase acta da que dará fe o secretario da mesma.

Salvo as especialidades contidas nos apartados anteriores, a Mesa, dado o seu carácter de órgano colexiado, rexerese no seu procedemento, ademais de por a normativa específica de contratación administrativa, polo establecido na Sección 3ª do Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



11. Procedemento de adxudicación:

Unha vez concluído o prazo de presentación de proposicións constituirase a Mesa de valoración que cualificará os documentos presentados en tempo e forma, a cuxo efecto, o Presidente ordenará a apertura do arquivo A/sobre A e o secretario certificará si está correctamente cuberta a declaración responsable que debe figurar no mesmo.

A Mesa pronunciarase sobre o resultado da cualificación expresando as proposicións admitidas así como as rexeitadas e as causas de inadmisión. Si observásense defectos ou omisións subsanables na documentación presentada, enviarase un correo electrónico ao ou aos licitadores comunicándollo e concederáselles un prazo non superior a tres días hábiles para que o emenden.

Si non houberse defectos materiais na documentación presentada, a Mesa procederá á apertura do arquivo B/sobre B

Si houberse defectos na documentación presentada, a partir do cuarto día hábil seguinte ao de finalización do prazo sinalado para a presentación das proposicións, a Mesa pronunciarase sobre a admisión ou non das proposicións correspondentes á documentación cuxa cualificación houberse dado lugar á observación de defectos subsanables para a continuación proceder como se dispón no parágrafo anterior, aínda que, abrindo soamente o arquivo B/sobre B, daqueles licitadores que finalmente fosen admitidos.

Considerarase como mellor oferta a presentada polo licitador que ofrezca un maior importe e sempre que supere o importe fixado como prezo de saída.

Non será subsanable a documentación presentada no arquivo B/sobre B.

A Mesa formulará ao órgano municipal competente para resolver o outorgamento das autorizacións, proposta de clasificación das proposicións, en orde descendente segundo a puntuación obtida. De acordo con o establecido no Prego de cláusulas técnicas, terase en conta a preferencia do licitador en relación aos postos aos que se presenta.

Cando pola aplicación do criterio de valoración producíse un empate na puntuación entre dúas ou máis licitadores, este dirimirase a través dun sorteo, para o que se citará aos licitadores que obtivesen idéntica puntuación.

O acto de exclusión dun solicitante poderá ser notificado conforme os procedementos establecidos no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. En particular, poderá efectuarse electrónicamente á dirección que os mesmos designasen ao presentar as súas proposicións.

O prazo para considerar rexeitada a notificación electrónica cos efectos previstos no art. 43 da Lei 39/2015, será de dez días naturais computados desde que se teña constancia da posta á disposición do interesado sen que se acceda ao seu contido, salvo que de oficio ou a instancia do destinatario compróbase a imposibilidade técnica ou material do acceso.



12. Criterio de valoración:

Mellor oferta económica:

Mellor proposta económica: ata 10 puntos de acordo á seguinte fórmula:

$$P_i = 10 \times (O_i/O_m)$$

Onde:

P_i: puntuación alcanzada pola proposición suxeita a valoración

O_i: oferta económica da proposición suxeita a valoración

O_m: oferta máis vantaxosa economicamente para o Concello

Considérase oportuna esta fórmula na medida en que busca a proporcionalidade na puntuación obtida entre a mellor oferta e a oferta presentada por cada licitador. Desta maneira, o esforzo económico realizado por cada licitador compárase co esforzo económico realizado polo mellor licitador, o que garante, ao noso entender, unha xusta clasificación das ofertas.

13. Documentación a presentar polos licitadores propostos como adxudicatarios:

Os licitadores propostos como adxudicatarios serán notificados para o efecto e deberán presentar no prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte á recepción da preceptiva notificación, a seguinte documentación:

- a) Documentos que acrediten a personalidade xurídica do licitador e, no seu caso, a súa representación (ver apartado 9.1 deste prego).
- b) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha causa de prohibición para contratar coa Administración, segundo ANEXO III deste Prego.
- c) Certificados de estar ao corrente das súas obrigacións tributarias coa AEAT e coa Seguridade Social.
- d) A documentación acreditativa do cumprimento da normativa de manipulación de alimentos.
- e) Póliza de responsabilidade civil que cubra o risco de danos a terceiros, que estea en vigor á data de inicio da tempada, e cunha vixencia que cubra como mínimo, polo menos, a tempada prevista nestes Pregos.
- f) Xustificante de pago da póliza correspondente a este seguro.
- g) Certificado de resistencia ao lume ou de ignifugación, no seu caso, dos materiais susceptibles de combustión que formen parte do carriño-caseta así como acreditar a existencia dun extintor de 6kg de polvo polivalente de eficacia 21A-113B (achegando o certificado de revisión dos extintores).
- h) Dirección de correo electrónico na que efectuar notificacións.

Si no dito prazo o licitador non presentase a documentación requirida, a proposta de adxudicación quedará sen efecto e a Mesa formulará proposta de adxudicación ao licitador que ocupe o posto seguinte na orde de adxudicación, repetíndose o procedemento e outorgándolle ao novo adxudicatario o prazo de 10 días para que presente a documentación sinalada. A non presentación da documentación por parte do licitador proposto como adxudicatario terá as consecuencias sinaladas nas cláusulas 17 e seguintes deste Prego.

14. Adxudicación definitiva:

Unha vez presentada a documentación sinalada na cláusula anterior e verificada polo Concello, remitiranse a cada adxudicatario documentos de ingreso de dúas autoliquidacións:



- unha polo importe que lle corresponda na repartición dos gastos de publicidade da licitación
- outra polo importe da súa oferta correspondente á primeira tempada

O adxudicatario, presentará copia do xustificante de ingreso de ambas autoliquidacións.

O órgano municipal competente para resolver ditará resolución para outorgar a autorización de conformidade coa clasificación das entidades licitadoras proposta pola Mesa, unha vez presentada toda a documentación requirida e comprobado o ingreso das autoliquidacións.

Darase traslado desta resolución á Policía Local.

15. Vixencia das autorizacións:

As autorizacións outorgaranse polo prazo de duración e con suxeición a todas as condicións do prego técnico e do presente prego de cláusulas administrativas.

A autorización ten unha vixencia inicial de tres tempadas, podendo ser prorrogada por unha tempada adicional por decisión do órgano municipal competente previo acordo co adxudicatario.

16. Renovación da autorización:

Cada adxudicatario, tal e como se establece na cláusula 5ª deste Prego, deberá abonar cada ano o prezo que presente na súa oferta.

Para a xestión do pago, a partir do 1 de xuño de cada ano, deberá presentar a seguinte documentación necesaria para a renovación da autorización:

- a) Certificados de estar ao corrente das súas obrigacións tributarias coa AEAT e coa Seguridade Social.
- b) Xustificante de pago da póliza correspondente ao seguro da cláusula 13ª
- c) Resto de documentación que se considere oportuna no seu caso.

O Concello remitirá documento de ingreso para a autoliquidación polo importe correspondente á tempada. O interesado presentará no Concello copia do xustificante de ingreso.

17. Renuncia por parte do adxudicatario:

17.1 Renuncia antes da proposta de adxudicación:

Se tras a comunicación da proposta de adxudicación, o licitador quixese renunciar, deberao comunicar por escrito e dentro do prazo de 10 días hábiles á recepción da notificación de ser proposto como adxudicatario. Dita renuncia terá as consecuencias que figuran na cláusula seguinte.

Neste caso, a Mesa propondrá a adxudicación ao licitador seguinte na orde prevista na cláusula 11ª.



No caso de que algún posto de venda queda sen cubrir, valorarase a realización ou non dunha nova licitación, limitándose a publicación neste caso á Sede electrónica do Concello por un prazo de 15 días hábiles para a recepción de novas ofertas.

17.2 Renuncia antes do inicio da segunda e seguintes tempadas:

Se antes do inicio da segunda e posteriores tempadas, durante o tempo de vixencia da autorización, algún dos adxudicatarios renunciase, deberá comunicalo por escrito ao Concello explicando os motivos da esta renuncia e deberá facelo antes do 1 de xullo anterior ao comezo da tempada, nese caso, non se lle esixirá indemnización algunha, sen prexuízo das consecuencias que figuran na cláusula seguinte.

De acordo con o previsto na cláusula 13ª, a Mesa poderá propor a adxudicación ao licitador seguinte na orde prevista na cláusula 11ª, requiríndolle para que presente a documentación sinalada. En ningún caso, as novas adxudicacións en tempadas posteriores á inicial, comportarán o aumento das tempadas previstas neste Prego. É dicir, a autorización ao seguinte licitador o será polo tempo restante, inicial ou prorrogado, das autorizacións.

18. Revogación da autorización:

Transcorrido o prazo de 10 días sinalado na cláusula 13ª sen presentar a documentación, a proposta de adxudicación quedará sen efecto podendo, no seu caso, esixirse ao solicitante que incumprise, sen mediar a comunicación sinalada na cláusula 17.1, o aboamento dun importe igual ao ofrecido para a primeira tempada en concepto de indemnización e podendo dar lugar tanto á súa inadmisión como, no seu caso, á inadmisión da empresa á que represente na seguinte convocatoria, **quedando ademais automaticamente excluídas as ofertas que presentase a outros postos.**

No caso de que o solicitante realice a comunicación prevista na cláusula 17.1, comunicando a súa renuncia ao posto adxudicado, non se lle esixirá indemnización algunha, pero si poderase proceder á súa inadmisión como, no seu caso, á inadmisión da empresa á que represente na seguinte convocatoria, **quedando ademais automaticamente excluídas as ofertas que presentase a outros postos.**

De forma análoga, no caso de que se incumpra o previsto na cláusula 16ª sen mediar a comunicación da renuncia nos termos recolleitos na cláusula 17.2, producirase a revogación da autorización podendo esixirse ao causante unha indemnización igual á oferta económica realizada para esa tempada, podendo dar lugar tanto á súa inadmisión como, no seu caso, á inadmisión da empresa á que represente na seguinte convocatoria.

A revogación ten efectos para a tempada na que se produza e para as posteriores.

A revogación tamén se producirá polas seguintes causas:

- a) Por transcurso do seu prazo da súa vixencia.
- c) Por mutuo acordo entre o adxudicatario e o Concello.
- d) Por extinción da personalidade xurídica da entidade autorizada.
- e) Por declaración de quebra ou concurso da entidade autorizada.
- f) Por revogación por parte do Concello nos supostos de interese público establecidos na cláusula seguinte do presente prego.



g) Por sentenza xudicial firme.

Así mesmo, o Concello tamén poderá revogar a licenza nos seguintes casos:

a) Pola comisión dunha segunda infracción moi grave durante o período de vixencia da autorización.

b) Por incumprimento da obrigaón de iniciar a actividade obxecto da autorización dentro do prazo dun mes desde a notificación do outorgamento (ou de dous meses partidos seguidos).

c) Por abandono da actividade polo autorizado. Entenderase que existe abandono si deixa de realizar a actividade durante un período superior a un mes (ou de dous meses partidos seguidos).

d) Pola realización da actividade por persoa/s distinta/s da que resultou adxudicataria do posto, non existindo relación laboral coa/s mesma/s.

e) Por incumprimento relevante e reiterado das condicións que, sen supor abandono, implique deterioración grave das condicións de salubridade, hixiene, ornato ou seguridade públicas.

f) Pola obstrución deliberada ao exercicio por parte dos técnicos municipais das súas funcións de control e supervisión da actividade. Entenderase en todo caso que existe tal causa cando se acheguen datos falsificados referentes á actividade e necesarios para o control e supervisión.

En caso de extinción das autorizacións por revogación, as autorizacións extinguidas poderán ser novamente asignadas polo tempo que reste de vixencia. Para ese efecto poderase optar por ofrecer ao seguinte licitador clasificado que non obteña autorización, e, en caso de rexeitar esta o ofrecemento, ao seguinte e así sucesivamente ou se poderá optar por licitar de novo a concorrência nos termos sinalados na cláusula 17.1ª.

Extinguida ou revogada a autorización, cesarase no uso do dominio público.

19. Revogación por razóns de interese público:

O Concello resérvase a facultade de deixar sen efecto a autorización, antes de cumprirse o prazo polo que se outorga, se así o xustifican causas sobrevindas de interese público debidamente xustificadas, sen dereito a ningunha clase de indemnización.

Así mesmo, de conformidade co previsto no art. 92.4 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, as autorizacións poderán ser revogadas unilateralmente pola Administración concedente en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización, cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral.



20. Suspensión e modificación da autorización:

Polas mesmas razóns indicadas na cláusula anterior ou outras de interese público acreditado, poderá suspenderse temporalmente a eficacia da autorización. Neste caso o tempo de suspensión poderá engadirse ao prazo de vixencia da autorización.

Se se producise tal modificación, as novas condicións impostas polo Concello serán obrigatorias para o titular que non terá dereito a ningunha indemnización a cambio.

O titular da autorización, con todo, poderá expor, con base nas mesmas razóns indicadas na cláusula anterior, unha modificación das condicións da autorización, sen dereito a indemnización algunha no caso de que sexan autorizadas polo Concello.

21. Cesión da autorización. Requisitos:

As autorizacións concedidas ao amparo do disposto neste Prego, poderán ser transmitidas a terceiros, previa autorización do órgano municipal competente e sempre que:

- a cesionaria acredite reunir as condicións de capacidade e solvencia esixidas neste prego e
- a entidade cedente explore a autorización por un período de polo menos una (1) tempada completa a contar desde o seu outorgamento.

22. Cesamento da actividade:

O cesamento da actividade durante a tempada por calquera titular da autorización, calquera que sexa a causa que o motive, non dará lugar a devolución algunha por parte do Concello, nin a indemnización a favor do titular.

23. Responsabilidade. Risco e ventura:

O titular da autorización asume a plena e exclusiva responsabilidade de cantos danos puidesen derivarse da actividade, tanto para as persoas usuarias dos postos como para outras usuarias das vías públicas e terceiros en xeral, así como nos bens públicos ou privados.

A autorización demanial entenderase sempre concedida a risco e ventura para as persoas autorizadas, sen que estas poidan solicitar alteración das condicións, nin indemnización algunha, nin sequera nos supostos de forza maior. Tampouco terán dereito a indemnización algunha por extinción da autorización ao cumprirse o prazo de vixencia destas, nin cando se produza a revogación por interese público, contempladas nas cláusulas anteriores deste prego.

24. Responsabilidades. Control e inspección:

Sen prexuízo das demais facultades que puidesen estar atribuídas a outras Administracións Públicas, o titular da autorización estará sometida de forma permanente e constante ao control e supervisión dos Servizos Técnicos Municipais.



A efectos do control da actividade, estarase ás disposicións establecidas no prego de prescricións técnicas.

25. Réxime económico:

O titular da autorización queda obrigado ao aboamento do CANON ou TAXA DE CADA TEMPADA, que tendo en conta o disposto no art. 24.1.b) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que establece que *“o importe da taxa virá determinado polo valor económico da proposición sobre a que recaia a concesión, autorización ou adxudicación.”*, corresponderase co importe ofrecido polo licitador para cada unha das tempadas.

A cantidade a abonar por este concepto liquidarase anualmente, con antelación ao comezo de cada tempada e a súa falta de aboamento suporá a revogación da autorización.

26. Dereitos e obrigacións do titular da autorización

26.1.- Dereitos

O titular da autorización goza dos seguintes dereitos:

- a) Á explotación da autorización, con suxeición ás condicións establecidas nos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, e ás ofertadas na súa proposición, así como ás previsións da normativa aplicable en cada caso.
- b) Ao uso e ocupación do dominio público municipal coa instalación dos seus postos de venda, nos termos indicados neste prego e no prego de prescricións técnicas.

26.2.- Obrigacións

Ademais das obrigacións de carácter xeral establecidas pola normativa vixente como na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, especificamente imponse aos titulares da autorización as seguintes obrigacións:

- a) Estar dado de alta no epígrafe correspondente do imposto de actividades económicas e estar ao corrente do pago da tarifa ou, en caso de estar exentos, estar dado de alta no censo de obrigados tributarios.
- b) Estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social e ao corrente no pago das cotizacións en tal réxime.
- c) Cumprir as condicións e requisitos esixidos pola normativa reguladora dos produtos que sexan obxecto de venda.
- d) Estar en posesión, no seu caso, do certificado acreditativo de recibir formación en materia de manipulación de alimentos.
- e) Satisfacer as taxas e os tributos fixados na correspondente ordenanza municipal.



f) Dispor dos permisos de residencia e traballo que, en cada caso, fosen esixibles, si tratácese de persoas estranxeiras.

g) As persoas xurídicas deberán acreditar os seguintes extremos: o NIF, acta de constitución, estatutos e escritura de poder outorgada á persoa que asina a solicitude de autorización en representación da empresa.

h) Dispor de seguro de responsabilidade civil que cubra a actividade.

i) No seu caso, certificado de resistencia ao lume ou de ignifugación, dos materiais susceptibles de combustión que formen parte do carriño-caseta así como acreditar a existencia dun extintor de 6kg de polvo polivalente de eficacia 21A-113B (achegando o certificado de revisión dos extintores

27. Incumprimentos:

Considerarase incumprimento toda acción ou omisión por parte da persoa autorizada que supoña a vulneración das obrigacións establecidas nos pregos polos que se rexe esta licitación e demais normas de xeral aplicación. Os incumprimentos cualifícanse en leves, graves e moi graves, atendendo ás circunstancias concorrentes e ao maior ou menor prexuízo que se cause ao funcionamento da actividade.

Serán considerados como incumprimentos **leves**:

- Invadir, pisar e amontoar materiais nas zonas verdes, así como suxeitar nelas calquera elemento de sustentación ou apoio.
- Trato desconsiderado ao público e as perosas usuarias.
- Inobservancia da debida limpeza e decoro do posto.
- Calquera outra conduta non tipificada expresamente como grave ou moi grave, que supoña un incumprimento dos deberes establecidos neste prego e no prego de prescricións técnicas.

Serán consideradas como incumprimentos **graves**:

- Ocupar máis espazo do adxudicado ou darlle un destino distinto.
- Estragar, arrincar ou pisar sebes vexetais existentes, así como despuntar, cortar ou desgarrar ramas de calquera índole de desenvolvemento vexetativo nas árbores ou arbustos existentes.
- Mal uso ou danos ao mobiliario urbano, tal como bancos, papeleiras, fontes, bordos, etc.
- Cravar elementos punzantes, colocar carteis, instalar abrazadeiras, tomas de auga ou calquera outro elemento de sustentación ou apoio sobre o arborado existente, así como cravar elementos punzantes no pavimento cando este non sexa de terra.
- Cobranza de prezos abusivos (tendo en conta dos prezos de mercado).

Serán considerados incumprimentos **moi graves**:

- Non observar as medidas de prudencia necesarias para salvagardar a seguridade, hixiene ou sanidade dos postos.
- Non cumprir as ordes do Técnico Municipal e dos axentes da Policía Local relativas ao cumprimento destas bases.
- A realización da actividade en lugares distintos aos autorizados neste prego.



- Permanencia e realización da actividade en datas e horario distinto ao permitido.
- Abandono, no lugar de colocación, de lixo ou desperdicios.
- Realización da actividade por persoa/s distinta/s á que resultou adxudicataria do posto, sen que exista relación laboral coa mesma/s.
- Non contar co extintor sinalado nestes pregos.

Sancións:

- As infraccións leves serán sancionadas con multas de ata 750 euros.
- As infraccións graves serán sancionadas co peche ou precinto do posto por un período non inferior a 1 semana ou extinción da autorización e con multas de entre 751,00 euros ata 1.500,00 euros.
- As infraccións moi graves poderán ser sancionadas co peche ou precinto do posto por un período non inferior a 1 mes, e con multas de entre 1.501,00 euros ata 3.000,00 euros.

As sancións anteriores entenderanse, sen prexuízo de esixirle á persoa adxudicataria a compensación de danos e prexuízos ocasionados, tanto aos bens municipais como ás persoas ou bens dos usuarios, así como, sen prexuízo da posible revogación da autorización se procedese.

En calquera caso, para a imposición de sancións incoarase un procedemento contradictorio no que se lle outorgará audiencia á persoa adxudicataria para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cuantos documentos estime conveniente na defensa dos seus dereitos.

Para a gradación do importe das sancións consideraranse, entre outros, os seguintes criterios:

- a) O incumprimento espontáneo dos deberes ou dos deberes formais e o atraso naquel.
- b) A reparación voluntaria dos danos
- c) Os prexuízos ocasionados aos particulares.
- d) O beneficio ilícito obtido.
- e) A transcendencia social da infracción.
- f) Reincidencia ou intencionalidade.

A penalidade a impor se graduará por aplicación do principio de proporcionalidade, en atención ás circunstancias en cada caso e, en particular, á existencia de intencionalidade, continuidade ou persistencia da conduta infractora, gravidade dos prexuízos causados, e a reincidencia por comisión de máis dunha infracción da mesma natureza no termo dun ano.

A efectos da apreciación da reincidencia ou reiteración teranse en conta as infraccións sancionadas por resolución firme en vía administrativa.

Para a imposición de penalidade por incumprimento leve tramitarase procedemento con audiencia ao autorizado; para a imposición de penalidade por incumprimento grave ou moi grave, tramitarase procedemento conforme ao establecido na normativa vixente sobre o exercicio da potestade sancionadora da Administración.

O procedemento iniciarase por denuncia formulada pola Policía Local ou pola inspección de calquera servizo municipal; en ambos os casos as denuncias gozarán de presunción de veracidade nos termos legalmente establecidos.



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

Con independencia da penalidade que corresponda, cando se producisen danos ao dominio público e non sexan como consecuencia de casos fortuítos ou forza maior, a Administración poderá esixir a restauración dos elementos danados, así como a indemnización que proceda.

A Coruña, na data da firma dixital deste documento

Francisco Rey Rodríguez
Xefe do Servizo de Concesións e Patrimonio Municipal

Manuel Ángel Jove Losada
Director da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior



ANEXO I

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA PERSOAS FÍSICAS:

Nome:
Apelidos:
DNI/CIF:
Con domicilio en:
Teléfono:
Correo electrónico:

Declaro responsablemente:

- Cumprir dos requisitos establecidos nas bases da convocatoria e a normativa de aplicación.
- Estar ao corrente das miñas obrigacións tributarias, coa Seguridade Social e con este Concello.
- Que en caso de resultar proposto como adxudicatario dun ou varios postos, estou en disposición de presentar o resto da documentación requirida neste Prego antes do inicio da actividade.
- Que mantereirei o seu cumprimento durante o prazo de vixencia da autorización.
- Que cumprireirei as obrigacións establecidas na lexislación vixente en materia de autorizacións de residencia e traballo (en caso de prestadores procedentes de terceiros países).
- Que reúno as condicións esixidas pola normativa reguladora do produto obxecto da venda ambulante.
- Que non estou incluído en ningún dos casos de incapacidade ou incompatibilidade establecidos na lei para o exercicio do comercio.
- Que non realizo actividades con produtos prohibidos.
- Que conto co certificado de resistencia ao lume ou de ignifugación, dos materiais susceptibles de combustión que forman parte do carriño-caseta así como que acredito a existencia dun extintor de 6kg de polvo polivalente de eficacia 21A-113B (achegando o certificado de revisión dos extintores).

A Coruña, a

Asdo.

ADVÉRTESELLE DE QUE segundo o art. 69 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas*, a inexactitud, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable ou comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar.

Así mesmo, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obrigación do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao comezo da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, todo iso conforme os termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación.



MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA PERSOAS XURÍDICAS:

Nome:
Apelidos:
DNI/CIF:
Como representante legal da mercantil:
Nome da empresa:
NIF:
Dirección:
Teléfono:
Correo electrónico:

Declaro responsablemente que a entidade á que represento:

- Cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria e a normativa de aplicación.
- Está ao corrente das obrigacións tributarias, coa Seguridade Social e con este Concello.
- Que en caso de resultar adxudicataria dun ou varios postos, está en disposición de presentar o resto da documentación requirida neste Prego antes do inicio da actividade.
- Que manterá o seu cumprimento durante o prazo de vixencia da autorización.
- Cumpre as obrigacións establecidas na lexislación vixente en materia de autorizacións de residencia e traballo (en caso de prestadores procedentes de terceiros países).
- Reúne as condicións esixidas pola normativa reguladora do produto obxecto da venda ambulante.
- Non esta incluída en ningún dos casos de incapacidade ou incompatibilidade establecidos na lei para o exercicio do comercio.
- Non realiza actividades con produtos prohibidos.
- Que conta co certificado de resistencia ao lume ou de ignifugación, dos materiais susceptibles de combustión que forman parte do/do carriño/s-caseta así como que se acredita a existencia dun extintor de 6kg de polvo polivalente de eficacia 21A-113B (achegando o certificado de revisión dos extintores, en cada un do carriño/s-caseta).

A Coruña, a

Asdo.

ADVIRTESELE DE QUE segundo o art. 69 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas*, a inexactitud, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable ou comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar.

Así mesmo, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obrigação do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao comezo da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, todo iso conforme os termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación.



ANEXO II:

MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA:

Nome:
Apelidos:
DNI/CIF:
Con domicilio en:
Teléfono:
Correo electrónico:

No meu propio nome ou en representación da mercantil _____ con NIF e domicilio en _____, decatado do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a convocatoria pública para o outorgamento de autorizacións de aproveitamento e ocupación de dominio público para a venda ambulante en tempada de castañas asadas (2022-2023, 2023-2024, 2024-2025 e prorrogable a 2025-2026), que acepto en todas o seu contido e extensión, así como os demais documentos que obran unidos ao expediente da súa razón, e que ofrezco as seguintes cantidades por posto/ano como mellor oferta económica (cóbreñse soamente aquelas celas correspondentes aos postos dos que se pretende obter a autorización) e que declaro a miña preferencia canto á adxudicación dos postos.

1. Oferta económica:

	PREFERENCIA	OFERTA 2022-2023 (€/tempada)
Posto CA-4 Rúa Ramón e Cajal, Centro Comercial (oferta mínima 141,94 €)	(1)	(2)
Posto CA-6 Rúa Angel Senra (oferta mínima 127,75 €)	(1)	(2)
Posto CA-7 Rúa Manuel Murguía, Casa da auga (oferta mínima 127,75 €)	(1)	(2)
Posto CA-8 Rúa Gaiteira (oferta mínima 113,55 €)	(1)	(2)

(1) Introducir a orde de preferencia (1º, 2º, 3º..... ou primeiro, segundo, terceiro....). Ver prego técnico.

(2) Introducir a oferta económica.



ANEXO III:

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO EN PROHIBICIÓN DE CONTRATAR.

D./Dña , con DNI/NIE en nome propio ou en representación da empresa , con NIF nº , en calidade de

DECLARA:

Baixo a súa responsabilidade

Que o asinante ostenta a representación da empresa que presenta a oferta (caso de representación)

Que non se haxa incurso, nin o/ela, nin a empresa que representa, en ningún do suposto legais de incapacidade nin incompatibilidade para contratar, en cumprimento do disposto no art. 71 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

En , a de de

Asdo.: